

Blanco defende que “nos asuntos nos que tivo man Arias Cañete, Galicia e Lugo saíron prexudicadas, como evidencia o reparto das axudas da PAC”

O candidato ás eleccións europeas fixo estas declaracións no transcurso da xornada organizada en Chantada pola secretaría de Medio Rural da executiva provincial, en colaboración con UUA

Sostén que o Goberno “non negociou ben en Europa e decidiu en España un reparto lesivo para os agricultores e gandeiros galegos, chegando a acordos que suporán un recorte de polo menos 140 millóns de euros nas axudas que recibirán os próximos anos”

A fin de minimizar o impacto que terá a entrada en vigor da nova normativa, anuncia que os socialistas proporán un cambio de criterios no reparto das axudas, pois non se pode manter por máis tempo que Galicia e, por tanto, a provincia, siga a ser “a gran marxina” no reparto destes fondos

A Comisión Europea propuxo a semana pasada unha nova redución dos pagos directos da Política Agraria Común do 1,3% para 2014, o que eleva o recorte destas axudas na provincia a preto de 10 millóns de euros, e a 700.000 euros na comarca de Chantada

CHANTADA, 24 DE ABRIL.- O candidato ás eleccións europeas –José Blanco- defendeu este xoves na xornada informativa sobre a PAC, organizada pola secretaría de Medio Rural da executiva provincial, en colaboración con Unións Agrarias, que “nos asuntos nos que tivo man Arias Cañete, Galicia e Lugo saíron prexudicadas, como o evidencia tanto o reparto das axudas da Política Agraria Común como a das posibilidades de pesca”.

Neste senso, con respecto á PAC, sostivo que o Goberno “non negociou ben en Europa e decidiu en España un reparto lesivo para os agricultores e gandeiros galegos, chegando a acordos que suporán un recorte de polo menos 140 millóns de euros nas axudas que recibirán os próximos anos”.

Deste xeito, no encontro no que, ademais de gandeiros e produtores da comarca, participaron os secretarios provincial e de Medio Rural –Juan Carlos González Santín e Horacio Rouco-, a coordinadora do PSOE nesta zona e deputada provincial –Pilar García Porto-, e o secretario xeral de Unións Agrarias en Galicia –Roberto García-, e a fin de minimizar o impacto que terá a entrada en vigor da nova normativa, Blanco anunciou que os socialistas defenderán revisar o límite de axudas, primar ás 25 primeiras hectáreas e compensar a desaparición da cota láctea que se fará efectiva en 2015. E é que, segundo expuxo, cómpre un cambio de criterios no reparto das axudas, pois non se pode manter por máis tempo que Galicia siga a ser a “gran marxina” no reparto deste fondo, como impuxo Arias Cañete co apoio da Xunta.

Repercusión para a comarca de Chantada

A Comisión Europea propuxo a semana pasada unha nova redución dos pagos directos da Política Agraria Común (PAC) do 1,3% para 2014, o que eleva o recorte destas axudas na provincia a preto de 10 millóns de euros, pois este novo axuste presupostario súmase ao 9% anunciado e que se aplica a todos os gandeiros e produtores afectados. Esta suba de algo máis

de un punto porcentual provocará que os beneficiarios da comarca de Chantada deixen de percibir nesta anualidade uns 700.000 euros.

Con esta decisión, o Executivo de Rajoy provocará que as 1.157 explotacións censadas nesta zona (*datos da Consellería de Medio Rural e do Mar*), e que son receptoras da PAC, deixen de percibir este ano 600 euros cada unha. Esta cifra, é a resultante do recorte orzamentario aplicado neste módulo, segundo o cal, o importe medio que cobraron no período anterior cada un destes beneficiarios foi de algo máis de 5.700 euros. Por tanto, con dita diminución, os ingresos reduciranse en algo máis de 600 euros anuais por gandeiro. É evidente, por tanto, que esta comarca.

Tanto o Parlamento Europeo como o Consello teñen que adoptar un acordo sobre esta proposta antes do próximo 30 de xuño. En caso contrario, a Comisión aplicará directamente a súa proposta de rebaixa.